

ACTA DA XUNTA DE COMPRAS

Sendo as 13:00 horas do día **20 de xuño de 2014**, no Salón de Comisións, sito na 3ª planta do Centro de Servizos Municipais, reúnese a Xunta de Compras, en sesión ordinaria, coa asistencia dos seguintes membros:

- Presidente, dona Sonia Méndez García
- Polo Grupo Municipal do PSOE; dona Esther Muñoz Mella
- Pola Concellería de Infraestructuras e Zona Rural: don Manuel Enrique Chaín Fernández.
- Polo Grupo Municipal do BNG; dona Cristina Ferreiro López
- Polo Grupo Municipal do PP; Don Juan Carlos Plaza
- Pola Asesoría Xurídica; dona Ana I. Sáez Mancebo
- Pola Intervención Xeral; dona Elva Anido Anido
- Polo Servizo de Contratación; dona Ana Tabarés Martínez, actuando como Secretario.

1.- Aprobación e sinatura da acta correspondente ó día 13 de xuño de 2014.

2.- Dación de conta do informe de xuventude acerca da petición feita pola Xunta de Compras do día 13-06-2014 sobre a proposta de gasto para a adquisición de metros de streck para o Arde Lucus 2014.

3.- Propostas para ditame e valoración:

- De Desenvolvemento Local

- Para a coordinación e tarefas de seguimento e control da acción formativa AFD 2014/2827: "Atención sociosanitaria a persoas no domicilio", por importe de 4.026 euros, adxudicado á **NOELIA BARREIRA VÁZQUEZ**.

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

- Para a impartición do curso 2014/2827: "Atención sociosanitaria a persoas no domicilio", docencia do módulo I, por importe de 5.950 euros.
- Para a impartición do curso 2014/2827: "Atención sociosanitaria a persoas no domicilio", docencia do módulo II, módulo III e titorización e avaliación módulo prácticas, por importe de 13.550 euros.

Estas dúas propostas foron retiradas para un maior estudo.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/cbg

Refª: acta 20-06-14.doc

Asunto:

- Para a coordinación e tarefas de seguimento e control da acción formativa AFD 2014/2828 “Xestión de emprego”, por importe de 2.000 euros, adxudicado á **SUSANA ALONSO SANTISO**.

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

- De Parque Móbil

- Para a adquisición de gasolina, gasoil e aceite, por importe de 12.000 euros. **(PROPOSTA XENÉRICA)**.
- Para a adquisición de elevador eléctrico de 2 columnas, para 3,5 Tm, por importe de 2.662 euros, adxudicado á **ELECTRICIDAD CALVO**.

Estas propostas foron ditaminadas favorablemente.

- De Servizos Sociais

- Para a contratación de dous grupos musicais na celebración do día internacional do orgullo LGBT (orgullo gay), por importe de 2.359,50 euros, adxudicado á **GRUPO LE BLOND RICARDO LUIS, LAS SUPREMAS, LUIS JAVIER TRANSFORMISTA e LUZSONGA, S.L.**

- De Deportes

- Para a rexeneración e mellora do pavimento pista do pavillón municipal dos deportes (Lugo), por importe de 19.473,81 euros.

Esta proposta foi devolta ó servizo de deportes coa finalidade de que pidan máis presupostos á empresas de Lugo.

- Para campañas informativas e difusión das Escolas Deportivas de Piragüismo e Actividades Deportivas de verán, por importe de 3.260,95 euros, adxudicado á **LA VOZ DE GALICIA, S.A.**
- Para a adquisición e colocación de diversos vinilos informativos nas piscinas de Frigsa e Pedreiras, como medio de facilitación ós colectivos con discapacidade, por importe de 322,53 euros, adxudicado á **.PRELO, S.L.**

Estas propostas foron ditaminadas favorablemente.

- De Medio Ambiente

- Para a compra de material necesario para habilitar no depósito do Ceao unha plataforma ou base de hormigón pulido para poder realizar a descarga

de hipoclorito sódico, por importe de 591,51 euros, adxudicado á **ÁNGELA PAZ SOILÁN (VILA GANDOY)**.

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

- De Servizos Eléctricos

- Para a adquisición de material eléctrico, por importe de 1.014,46 euros, adxudicado á **DIGAMEL**.

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

- De policía local

- Para a adquisición de boquillas etilómetros portátiles, por importe de 635,25 euros, adxudicado á **TRADESEGUR**.

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

- De Infraestructuras e medio rural

- Para a coordinación de seguridade e saúde durante a execución material da obra: pavimentación e servizos na rúa camiño de Romai (tramo rúa tres marías- rúa Casas Vellas (escalinata), por importe de 429,55 euros.

Esta proposta foi devolta ó servizo de infraestructuras coa finalidade de que pidan máis presupostos á empresas lucenses.

- Para a execución das obras de reparación de firme e das capas inferiores na Rúa Illa Lobeira, con demolición do firme existente e traslado a vertedoiro, disposición de xeotextil, capa de zahorra, rego de imprimación, capa de MBC...., por importe de 11.056,25 euros, adxudicado á **CONSTRUCCIONES SANLE, S.L.**

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

- De Cultura

- Para a actuación do dúo D´cine no barrio de Montirón, por importe de 450 euros, adxudicado á **ARMANDO PITA REY (DÚO D´CINE)**.
- Para a compra de diferentes instrumentos musicais, por importe de 19.727 euros, adxudicado á **ARCO IRIS MUSICAL, SANTIAGO FERNÁNDEZ NORIEGA (MUSICAL ALLEGRO) e MUSICAL PONTEVEDRA**.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/cbg

Refª: acta 20-06-14.doc

Asunto:

Estas propostas foron ditaminadas favorablemente.

- De Xuventude

- Para a organización do festival Style Fighters 2014, por importe de 3.500 euros, adxudicado á **CIRCO CONCEPTO ORIXINAL, S.L.**

Esta proposta foi ditaminada favorablemente, coa abstención do PP.

- De Educación, Formación e Orientación Laboral (CEI- Nodus)

- Para a contratación da docencia especializada de módulos obradoiros transversais autoemprego: 50 horas, por importe de 1.250 euros, adxudicado á **2XMILSOLUCIONES, S.L.**
- Para a contratación dos seguros dos cursos: “Operacións básicas de restaurante e bar” e “Operacións básicas de cátering”, relativa á formación específica adecuada ou teoría, por importe de 568,46 euros, adxudicado á **METROPOLIS SEGUROS.**
- Para material publicitario (bolígrafos serigrafiados, maletines serigrafiados), por importe de 1.990,45 euros, adxudicado á **PRELO, S.L.**

Estas propostas foron ditaminadas favorablemente.

2.- Facturas para ditame

- Dación de conta do decreto número 14006049, de data 19 de xuño de 2014, polo que se aproban determinadas facturas.

4.- Rogos e preguntas

Non habendo máis asuntos que tratar, dáse por rematada a reunión ás 13:30 horas no lugar sinalado no encabezamento.